

## Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 6 de xullo de 2015

### Asistentes:

Aneiros Pereira, Jaime

Arias Martínez, María Antonia

Fernández Acevedo, Rafael

Muleiro Parada, Luis

Pita Grandal, Ana María

Torres Pérez, Francisco José

Acude en calidade de técnico: Miguel Dorribo Rivera (Área de Calidade da UVigo)

Excusan asistencia: Rodríguez Rodríguez, Emma; Araújo Figueroa, Isaac Borja

Da comezo a reunión ás 10:40 da mañá co seguinte orde do día:

### **1.- Aprobación, se procede, de acta da sesión anterior.**

Apróbase acta da sesión anterior.

### **2.- Informes da Sra. Decana.**

**Primeiro.-** O 25 de xuño recibíuse o informe final de avaliación do seguimento do curso 2013/14 realizado pola ACSUG do Máster universitario en Avogacía da UVigo.

Resultado: Conforme. Non obstante, incorpora recomendacións para a mellora: vid. páxinas 4 e 5 do citado informe. En particular requírese que a Información pública sexa similar na páxina web do Máster en Avogacía en Vigo e en Ourense.

Respecto aos Informes de seguimento do curso 2014/2015, que se terán que entregar antes de finais de outubro de 2015, Miguel Dorribo informa que vaise realizar cambios. Fundamentalmente vaise simplificar o programa de informes de seguimento e vaise eliminar

parte información pública. No mes de setembro recibiremos cumprida información ao respecto que se fará chegar as persoas coordinadoras das titulacións.

**Compromiso:** informar puntualmente de tales variacións na estrutura e contido dos informes de coordinación.

**Prazo:** setembro 2015.

**Segundo.-** O 22 de xuño recibíuse o informe final de avaliación para a renovación da acreditación realizado pola ACSUG do Máster interunivesitario en Dirección e Xestión Laboral. Resultado: Favorable.

**Terceiro.-** O día 26 de xuño recibíronse os resultados das enquisas de satisfacción relativas ás titulacións do Centro.

3.1.- As enquisas fixéronse cunha escala de 1 a 5. Non obstante os nosos obxectivos de calidade están fixados nunha escala de 1 a 7. Consultada esta cuestión cos técnicos da área de calidade propoñen: facer unha mención específica nos informes de seguimento/informe anual explicando que cando aprobamos os obxectivos de calidade aínda non se sabía que a nova escala sería de 1 a 5, de ahí a disparidade. En todo caso, procede tamén facer unha simple regra de 3 para ver si, en tódalas titulacións/ítems valorabéis se teñen superado as valoracións feitas sobre 7.

**Compromiso:** facer unha referencia esta cuestión nos informes de seguimento das diversas titulacións. E, en todo caso, proceder a modificar a escala nos obxectivos de calidade comenzado o curso 2015/2016.

**Prazo execución:** outubro/novembro 2015.

3.2.- Os resultados xerais sobre 5 son os que seguen. Se fai un reparto de follas informativas as persoas integrantes da Comisión:

O índice medio de participación do profesorado situase no 36.80%

O índice medio de participación do estudantado situase no 19.75%.

O grao de satisfacción medio do profesorado sitúase nun 4.27 sobre 5

O grao de satisfacción medio do estudantado sitúase nun 3.02 sobre 5

3.3.- Específicamente, as peores valoracións danse nos seguintes items:

- Na satisfacción do estudantado coa orientación (indicador 72) cunha valoración media de 2.44
- Na satisfacción do profesorado coa xestión de calidade cunha valoración media de 4.20.

**Cuarto.-** Segundo o Manual de Calidade, temos que incorporar alumando do mestrado na Comisión de Calidade. Asimesmo o colectivo de PAS tamén ten que estar representado, acórdase que designen a unha persoa representante.

**Compromiso:** Nomear un alumno/a no mes de outubro unha vez finalizado o proceso de matrícula de tódolos mestrados. Nomear a unha persoa representante do PAS para a Comisión de Calidade.

**Prazo de execución:** mes de outubro de 2015.

**3.- Aprobación, se procede, das guías docentes do grao en RRL e RRHH e do grao en Dereito.**

**3.1.-** O coordinador de RRL e RRHH, Rafael Fernández Acevedo, informa que quedan por facer adaptacións mínimas de carácter formal. O coordinador explica que hai algún profesor que non é capaz de realizar a guía por cuestións técnicas pero que, en breve, vaise a por en contacto con el para solucionar o problema.

Tamén sinálanse certos problemas co plan a extinguir (non aparecía memoria antiga) donde non había determinadas competencias como as básicas. Desde un principio solicitamos que a información fora clara na distinción dos diversos programas e nas competencias que cada un debe ter dacordo con cadansúa memoria do título.

**Apróbanse as guías do grao en RRL e RRHH.**

**3.2.-** O coordinador de Dereito, Jaime Aneiros, engade que se teñan analizado nas diversas guías docentes, principalmente, as competencias os resultados de aprendizaxe e contidos.

No que atinxe á materia TFG e Prácticas externas do Plan antigo, que teñen que ser coordinadas entre Vigo e Ourense, todavía está pendiente. Neste punto acórdase delegar ao Coordinador Calidade para que verifique si se solventan estes problemas. Prazo: 8-9 de xullo.

**Apróbanse as guías do Grao en Dereito.**

**4.- Aprobación, se procede, das guías docentes do programa de simultaneidade ADE-Dereito.**

No que respecta ao programa ADE-Dereito, Jaime Aneiros indica que as guías son as mesmas. En consecuencia, o que se fixo foi cotexar que as guías das materias que se imparten no grao en Dereito e no dobre grao están totalmente coordinadas.

**Apróbanse as guías do programa ADE-Dereito.**

**5.- Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster en Avogacía (Vigo e Pontevedra), Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social, Máster en Dereito de Empresa e Máster en Xestión e Dirección Laboral.**

5.1.- No máster Dereito de Empresa, o seu coordinador, Luis Muleiro, indica que todavía non está todo o profesorado volcado nas guías pero que, polo demais, está supervisado todo.

**Apróbanse as guías do Máster en Avogacía (Vigo e Pontevedra), Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social, Máster en Dereito de Empresa e Máster en Xestión e Dirección Laboral.**

**6.- Posta en coñecemento, para a súa validación, dos novos procedementos estratéxicos da Universidade relativos ao SGIC.**

A Decana xustifica que se trata dunha posta en coñecemento para a súa validación por ser uns procedementos que son responsabilidade dos servizos centrais da UVigo e non do Centro.

Ao respecto, infórmase que se trata de procedementos mais razoables e sinxelos relativos a:

**- Procedemento de Xestión de queixas, suxestións en parabéns centralizada.**

Tal QSP chegará ao Centro que a transmitirá a quen proceda.

**- Procedemento de Satisfacción de usuarias e usuarios.**

O Centro poderá precisar nun documento aquelas enquisas que se fan especificamente no Centro. De modo que se pode elaborar plan de enquisas si consideramos que as institucionais son suficientes, non temos que facer nada.

Neste punto xurde a posibilidade de realizar tales enquisas no marco do PAT, si ben Miguel Dorribo indica que o uso excesivo de enquisas pode xerar un problema de retorno información. Sería convinte optar por outros métodos de recollida de información mais directo.

- **Procedemento de Seguimento e medición**

Basicamente focalízase na xestión dos indicadores. Como Centro podemos, de forma permanente ou temporal, solicitar que se mida un determinado indicador.

- **Procedemento de Planificación e desenvolvemento estratéxico:**

Consiste na definición política e obxectivos de calidade. Pódese elaborar un Plan estratéxico do Centro (liñas estratéxicas) onde conflúa datos de información pública e promoción.

Nesta materia, Miguel Dorribo informa que se vai a por ao día o formulario modelo da información pública. Consistirá nun novo formato mais completo.

<b>Valídanse os novos procedementos estratéxicos da Universidade relativos ao SGIC.</b>
---

**7.- Rogos e preguntas.**

7.1.- A coordinadora do Máster en Avogacía, María Antonia Arias, expón que o alumnado matriculado en Formación continua en Máster non pode matricularse en prácticas externas e compatibilizalo coas prácticas externas básicas. Asimesmo, sinalase a imposibilidade de facer o TFM sin ter superadas as prácticas.

Tamén en relación con este Máster, sinalanse certos problemas respecto a tutorización por profesora que xa non forma parte do cadro docente actualmente ou persoa que está de baixa:

7.2.- Pola súa parte, o coordinador de RRL e RRHH, Rafael Fernández Acevedo, redunda que ás Guías de RRL e RRHH, presentan certas disfuncións en relación coa memoria antiga do título. Por tal motivo, procederá revisar todas as posibles disfuncións (fichas) e cambios que se teñan feito nas competencias para non ter problemas coa auditoría -2016-.

Levántase a sesión as 12:30 horas de día sinalado, do que dou fe como secretario.

O Secretario

Visto e prace

Francisco José Torres Pérez

Ana María Pita Grandal

Coordinador de Calidade

Decana